



Concello A Guarda

ACTA Nº 7	PLENO DO CONCELLO	
DATA DA SESIÓN: 10.10.2017	CARACTER: ORDINARIA	CONVOCATORIA: PRIMEIRA
LUGAR: SALÓN DE PLENOS	HORA: 20:00 HORAS	

PRESIDE: ANTONIO LOMBA BAZ - ALCALDE (PSdeG-PSOE)

ASISTENTES:

D ^a . M ^a MONTSERRAT MAGALLANES ALVAREZ	PsdeG-PSOE
D. MIGUEL A. ESPAÑOL OTERO	PsdeG-PSOE
D ^a . ELENA BAZ RODRIGUEZ	PsdeG-PSOE
D. MANUEL JAVIER CRESPO GONZALEZ	PsdeG-PSOE
D ^a . M ^a TERESA VICENTE BAZ	PsdeG-PSOE
D. PAULINO RODRIGUEZ GONZALEZ	PsdeG-PSOE
D ^a . M ^a DE LA CONCEPCIÓN ORTEGA MARTINEZ	PP
D. JOSÉ CARLOS CASTRO MARTINEZ	PP
D. ROBERTO JOSÉ ALVAREZ CARRERO	PP
D ^a . ELENA ACEVEDO ROLÁN	PP
D. OSCAR ALONSO ALVAREZ	PP
D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE	BNG
D. XAN LOIS LOMBA ALONSO	BNG
D ^a . M ^a MERCEDES MARTINEZ VAZQUEZ	BNG
D. CELSO J. RODRIGUEZ FARIÑAS	CG
D ^a . M ^a DE FÁTIMA IGLESIAS FERREIRA	Non Adscrita

JOSE CARLOS MARTÍNEZ CRESPO	SECRETARIO ACCTAL
DAVID ARAGUNDE ARPPE	INTERVENTOR

PUNTO 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (ORDINARIA DE 27.07.2017).

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión celebrada o 27.07.2017.

Aberto o turno de intervencións, prodúcense as seguintes:

A Sra. Iglesias Ferreira di que aprobará a acta.

O sr. Rodríguez Fariñas di que, como é costume, non se lle contestan as preguntas que fai. Por outra banda di que retirou unhas mocions porque houbo un compromiso do portavoz do grupo de goberno de levar a cabo determinadas actuacións e non se fixo nada ó respecto.

O Sr. Baz Vicente di que van a aprobar a acta.

A sra. Ortega Martínez di que van a aprobar a acta pero quere deixar constancia de que



Concello A Guarda

non se lle contestaron as preguntas.

VOTACIÓN:

Sometida a votación a acta do 27.07.2017, foi **aprobada** pola unanimidade dos concelleiros presentes (17): do PSdeG-PSOE (sete), PP (cinco), BNG (tres), de CG (un) e da concelleira non adscrita (un).

PUNTO 2.- EXPTE. 2042/2017.- DETERMINACIÓN FESTIVOS LOCAIS

O Sr. Presidente la a seguinte proposta da Alcaldía:

“Visto o escrito da Consellería de Economía, Emprego e Industria de data 18 de setembro de 2017 (RE 4843) solicitando a remisión do acordo plenario de designación de festivos locais para o ano 2018 no Concello da Guarda, e existindo un acordo anterior neste Concello, polo que serán declarados festivos locais o 16 de xullo (Virxe do Carme) e o 23 de setembro (Santa Trega), sempre que non coincidan en sábado ou domingo,

Visto que no ano 2018 o día 23 de setembro (festividade de Santa Trega) coincide en domingo

Proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Declarar festivos locais no Concello de A Guarda durante o ano 2018 os días seguintes:

- 16 de xullo (Virxe do Carme)
- 24 de setembro (Virxe da Merced)

2.- Remitir o presente acordo á Consellería correspondente.”

DEBATE:

O sr. Baz Vicente di que aprobarán esta proposta amparándose na súa excepcionalidade.

VOTACIÓN:

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por UNANIMIDADE (17) dos membros presentes ACORDA: aprobar a proposta da Alcaldía nos termos en que quedou transcrita.

PUNTO 3.- DAR CONTA DOS REPAROS DE INTERVENCIÓN

A corporación dase por enterada, sen ben prodúcense as seguintes intervencións:

O sr. Rodríguez Fariñas di que o número de reparos é elevadísimo e pide que se



Concello A Guarda

tomen medidas por parte do grupo de goberno. Subliña que se está a caer permanentemente nos mesmos erros.

O sr. Baz Vicente di que o gran número de reparos é un fiel reflexo da xestión económica do Concello.

A sra. Ortega Martínez incide no gran número de reparos que se producen así como nos múltiples motivos dos mesmos (hai reparos por non licitar, por non ter ordenanzas, etc...)

PUNTO 4.- DAR CONTA DOS DECRETOS

A corporación dase por enterada, sen ben prodúcense as seguintes intervencións:

O sr. Rodríguez Fariñas resalta os decretos de contratación da defensa xurídica do Concello en temas urbanísticos sinalando que cando o asesor xurídico non pode realizala se lle encomenda ó pai. Pregunta canto lle está custando a defensa xurídica ó Concello. Pregunta tamén cantas demandas temos gañado.

A sra. Ortega Martínez volve pedir que se lle pasen os decretos con maior periodicidade para poder estudialos con máis detemento.

O sr. Alcalde intervén para aclararlle ó Sr. Rodríguez Fariñas que a defensa xurídica que realiza o asesor xurídico municipal está incluída no contrato asinado con el, polo que non é certo que dita defensa xurídica supoña un custe a maiores.

PUNTO 5.- DAR CONTA DAS SUBVENCIONS DO PLAN CONCELLOS

A corporación dase por enterada, sen ben prodúcense as seguintes intervencións:

O sr. Rodríguez Fariñas pregunta para onde é o deshumidificador industrial ó que lle contesta ó sr. Alcalde que para o pabillón.

O sr. Baz Vicente pregunta qué tipo de adxudicacións se están a levar a cabo e recorda tamén que había un compromiso do equipo de goberno para destinar unha partida para a súa San Caetano.

A sra. Ortega Martínez di que noutros concellos realízanse actuacións en instalacións deportivas sen necesidade de acudir ó Plan Concellos, en cambio na Guarda hai que recurrir a el.

O sr. Español Otero di que o Plan Concellos ten a ventaxa de que permite elixir onde invertir. Recorda que anteriormente a Deputación de Pontevedra tiña trato diferenciado con concellos limítrofes.

PUNTO 6.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A ÁREA SANITARIA.

O sr. Baz Vicente da lectura da seguinte moción:

“Exposición de motivos

A Consellaría de Sanidade ven de presentar o Anteproxecto de Lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Galicia. Presentación feita con nocturnidade e aleivosía, proba dilo é telo feito en pleno mes de agosto con moitos profesionais de vacacións, sen diálogo



Concello A Guarda

previo nin na mesa sectorial, nin cos colectivos sociais, con un prazo de presentación de alegacións de apenas 15 días, en pleno período de vacacións.

Esta modificación vai provocar máis deterioro na sanidade pública, consolida a liña de recortes, prioriza o criterio económico en detrimento das necesidades dos usuarios e usuarias e afecta negativamente á calidade asistencial.

A Lei Galega de Sanidade en vigor establece que a prestación de servizos sanitarios e a delimitación das áreas farase "tendo en conta, en todo caso, as necesidades sanitarias da poboación", no anteproxecto establece que se fará "tendo en conta os recursos sanitarios existentes". Esta modificación é inaceptábel, xa que non prioriza as necesidades sanitarias d@s galeg@s, senón que será en función dos recursos que o Partido Popular decida destinar á sanidade pública, que como é unha evidencia, non deixou de recortar desde que volveu ao Goberno da Xunta.

Suprímense as actuais áreas sanitarias para crear unhas áreas maiores na súa extensión territorial, afastando deste xeito a resolución dos problemas da cidadanía e d@s traballadoras/es.

Estas sete áreas son coincidentes coas EOXIS que o Goberno do PP creou no ano 2010, cando iniciou a súa folla de ruta de desmantelamento das áreas sanitarias existentes. Naquela altura, as mobilizacións e a forte oposición da cidadanía e profesionais, conseguiu que o primeiro intento de desmantelamento non fora tan lonxe como pretendían, aínda que coa posta en marcha das estruturas organizativas de xestión integrada conseguiron unha boa parte dos seus obxectivos, e a sanidade nas áreas con Hospitais comarcáis como O Barco, Monforte, Burela ou O Salnés quedou seriamente comprometida e a perda das xerencias nos hospitais comarcáis significou a perda de capacidade organizativa e resolutiva

A creación das EOXIS condicionou tamén de xeito negativo o desenvolvemento da Atención Primaria. Desapareceron as xerencias e perdeu autonomía no desenvolvemento dos seus proxectos, quedando funcionalmente subordinada ás estratexias de xestión do centro hospitalario de referencia. A Atención Primaria precisa de maior impulso para mellorar a súa calidade, a dotación de persoal e recursos, e acadar un correcto funcionamento da súa carteira de servizos, actualmente subdesenvolvida.

Coa modificación que pretende aprobar o Partido Popular, esta situación vai agravarse aínda máis, de xeito que os Hospitais Comarcáis e Atención Primaria pasan a ser meros apéndice dos grandes hospitais, con unha máis que evidente perda de autonomía, capacidade de decisión e dirección. Os grandes hospitais absorberán a maior parte dos recursos sanitarios.

Os mecanismos de participación social recórtanse dun xeito alarmante, quedan totalmente amordazados. A composición tanto do Consello Galego de Saúde como dos Consellos de Saúde de Área deixan de estar recollida na Lei, e determinárase por decreto da Xunta. Retíraselle capacidade de control, emisión de informes e avaliación da execución política sanitaria, e só manteñen capacidade de asesoramento e consultivo. Incluso suprime a procura dunha composición paritaria dos mesmos.

O Partido Popular pretende levar a cabo esta modificación da Lei de Sanidade de Galiza, sen ter levado a cabo ningunha avaliación de cales foron as consecuencias para a sanidade pública galega da creación das EOXIS.

O BNG manifesta a súa oposición a esta modificación, que significa confirmar o afastamento dun modelo sanitario de calidade, achegado á poboación, comunitario,



Concello A Guarda

participativo e orientado á prevención, e consideramos que hai que ir xusto na dirección contraria,

Polo anteriormente dito o grupo municipal do BNG pide ao Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

Demandar da Xunta de Galiza as seguintes medidas:

- 1. Retirada do Anteproxecto de Lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Galicia.*
- 2. Mantemento da Área Sanitaria de Vigo. para favorecer o coñecemento dos problemas de saúde da nosa comarca, a eficacia e a continuidade da atención, co lóxico beneficio para @s usuari@s.*
 - a) Descentralizar as tomas de decisión e respectar as competencias e a autonomía da Área Sanitaria.*
 - b) Desenvolvendo unha xerencia, próxima, con funcións de identificación de necesidades de saúde, planificación e xestión asistencial, de saúde pública e saúde laboral e socio-sanitaria.*
 - c) Posta en valor do Hospital de Vigo, dotándoo do persoal, material e tecnoloxía necesarios para unha atención adecuada ás persoas do seu ámbito de actuación.*
- 3. Poñer en marcha un plan de Mellora de Atención Primaria, como porta de entrada ao sistema sanitario, é un elemento chave para o sistema sanitario público galego.*
 - a) Dotala cos recursos económicos, técnicos e humanos que sexan precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial.*
 - b) Devolverlle a súa capacidade organizativa e de xestión e a recuperación de xerencia directa.*
- 4. Proceder á constitución e convocatoria inmediata do Consello de Saúde da Área Sanitaria de Vigo.*

DEBATE:

A sra. Iglesias Ferreira di que non se corresponde o título co contido da moción. Di que vai apoiar a moción exclusivamente polo punto 3º da parte resolutiva.

A sra. Ortega Martínez di que se trata dunha moción “enlatada”. Informa que nin siquiera hai un anteproxecto de lei para poder facer alegacións, que só se trata dun borrador. Enumera as distintas razóns polas que se fai necesaria a reforma da Lei Galega de Sanidade (tempo transcurrido dende a entrada en vigor da Lei 8/2008, pluralidade de novas normas, nova organización territorial...), así como as súas ventaxas (asistencia homoxénea e de calidade con independencia da zona xeográfica de residencia, mellora da asistencia en si, mellora dos recursos humanos, mellora na relación con outras institucións). En todo caso, non se produce unha modificación da Área Sanitaria de Vigo, parece que o BNG non leu a Lei. Anuncia que por todo elo o seu voto será non a esta moción.

O sr. Alcalde informa que mantivo unha entrevista co Conselleiro de Sanidade en agosto deste ano depois dun ano de espera. Nela lle espuxo as reivindicacións deste concello que se resumían en: desdoblamento do servizo de urxencias e nun servizo



Concello A Guarda

de radioloxía. Di que saíu moi decepcionado porque a resposta foi un NON taxante. Por eso o punto 3 da parte resolutiva, na medida que fala das mesmos requerimentos do equipo de goberno, fai que o seu grupo apoie a moción.

O sr. Rodríguez Fariñas di que o que parece “enlatada” é a resposta do Partido Popular. Di que as reivindicacións a nivel autonómico redundan en beneficio dos veciños da localidade e que xa se escoitaron moitas promesas dende o goberno autonómico pero non se cumpliu nada. En definitiva cre que a reivindicación é necesaria para a mellora dos servizos do veciños da Guarda.

O sr. Baz Vicente tamén di que a resposta do Partido Popular é enlatada. Respóstalle á sra. Ortega Martínez que o BNG si que le ás leis e que xa trouxeron outras mocións que foron aprobadas neste plenario, pero que non se fan.

A sra. Ortega Martínez di que no último pleno do Concello do Rosal o Partido Popular apoiou unha moción sobre o PAC da Guarda e que apoia ó alcalde nas súas reivindicacións ante o Conselleiro de Sanidade.

VOTACIÓN:

O Concello Pleno, en votación ordinaria ACORDA aprobar a moción co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR (12): sres/as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez González, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira.

VOTOS EN CONTRA (5): Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán e Alonso Álvarez.

PUNTO 7.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O PAZO DE MEIRÁS

O sr. Lomba Alonso le a seguinte moción:

Exposición de motivos

O anuncio da decisión de que a Fundación Franco xestione as visitas ao Pazo de Meirás constitúe unha provocación, unha ofensa e falta de respecto tanto ás vítimas da Ditadura como a Galiza no seu conxunto, e un escandaloso exemplo da impiedade con que se move quen fai apoloxía do terrorismo fascista.

Resulta insultante e vergonzoso que un espazo que é produto dun espolio sexa aínda propiedade da familia Franco. E resulta aínda máis indignante que a Fundación que leva o seu nome o utilice para contar unha versión absolutamente manipulada da historia e para facer apoloxía da Ditadura e do ditador.

Estes feitos suponen a constatación -por se non estaba suficientemente claro- da permanencia do franquismo nun réxime que se di democrático. E son posíbeis pola incapacidade do sistema político español para acabar coa vergonza que supón que



Concello A Guarda

a familia Franco sexa aínda dona dunha propiedade que é produto dun roubo, que faga negocio con ela e que a converta nun parque temático de exaltación dun réxime totalitario que exterminou a miles de homes e mulleres por motivos políticos. Sería admisíbel que en Alemana ou en Italia existisen palacios e fundacións dedicados a exaltar a memoria de Hitler ou Mussolini?

Esta situación escandalosa e indignante é posíbel pola complicidade e a permisividade das institucións do Estado e da Xunta de Galiza, que consenten, amparan e protexen a Illa de impunidade e o parque temático franquista en que se converteu o Pazo de Meirás.

Por outra parte, cómpre ter en conta que o espolio de Meirás contou coa participación activa e decisiva de Deputacións e Concellos galegos. Polo tanto, estas administracións teñen a responsabilidade e o deber de sumarse ás iniciativas que procuran poñer fin a esta situación.

Polo anteriormente dito o grupo municipal do BNG pide ao Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDOS

- 1. Declarar a familia do Ditador e a Fundación Franco non gratas no Concello da Guarda.*
- 2. Adherirse á proposta aprobada polo Pleno da corporación municipal de Sada instando tamén á Xunta de Galiza para que sexa este Concello o encargado das visitas guiadas ao Pazo de Meirás, como garantía de que as persoas visitantes do BIC reciben unha información veraz sobre a historia deste espazo histórico.*
- 3. Facer unha condena pública das declaracións da Fundación Franco nas que expresaba a súa intención de usar as visitas guiadas ao Pazo para facer apoloxía da Ditadura e do Ditador. Instar ao goberno do Estado a facer as modificacións legais precisas para a ilegalización da Fundación Franco.*
- 4. Adherirse e apoiar a iniciativa da "Xunta Pro da Devolución do Pazo de Meirás", da que forman parte como entidades promotoras a Deputación da Coruña, os Concellos de Sada e A Coruña, a Universidade da Coruña, a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña e a Iniciativa Galega pola Memoria.*
- 5. Instar á Xunta de Galiza á elaboración dunha Lei galega de memoria histórica na que se prohiban, persigan e sancionen os actos de exaltación do franquismo e as entidades que os promovan.*

Antes de iniciar o debate, o sr. Lomba Alonso di que o BNG ven de presentar esta moción en tódolos concellos de Galicia. Recorda que existe unha Lei de Memoria Histórica que o equipo de goberno non está a cumprir porque hai edificios municipais con simboloxía franquista

DEBATE:

A Sra. Iglesias Ferreira pide a retirada do punto 1 da moción ó igual que se fixo en moitos concellos, toda vez que, segundo informe xurídico do Secretario de Sada, podería incurrirse en delitos contra a honorabilidade. Respecto do punto segundo di que non debe decidir ela quen debe facer as visitas guiadas do pazo. Recorda que



Concello A Guarda

noutros concellos este tema se levou adiante como unha proposta institucional para a ilegalización da Fundación Franco pero tamén a doutras asociacións que fixeran apoloxía do terrorismo.

O sr. Rodríguez Fariñas di que, máis alá da loita contra as fundacións e asociacións fascistas, o que se pretende é que o Pazo de Meirás revirta na cidadanía. Reinvidica novamente o cumprimento da Lei da Memoria Histórica no Concello da Guarda e que se retiren tódolos símbolos franquistas de edificios municipais.

A sra. Ortega Martínez di que o Partido Popular rexeita as declaracións da Fundación Francisco Franco nas que engrandecen a figura do Dictador. Tamén pide a retirada do punto 1º da parte resolutive recordando que hai moitos ditadores (a maioría de esquerdas) no mundo. Di que está máis a favor de declarar non gratos ós terroristas condenados que incluso se fan fotos con membros do BNG. Presenta unha enmenda transaccional á moción do seguinte tenor:

“O pleno do concello de A GUARDA insta á Xunta de Galicia a:

Realizar un estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, que analice a posibilidade e mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitan incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, tamén coñecidas como Pazo de Meirás, actualmente en mans dos herdeiros legais de Francisco Franco, xefe do Estado español durante os 40 anos da Ditadura, e sen que dita incorporación ao patrimonio público implique un novo custo para o pobo de Galicia, que xa o asumiu no ano 1938.

O sr. Español Otero tamén pide a retirada do punto 1º da parte resolutive.

O sr. Lomba Alonso di que retira o punto 1º da parte resolutive. Considera que non é necesario facer unha declaración institucional para solicitar a ilegalización de asociacións que fan apoloxía do franquismo ou do terrorismo porque a propia legislación xa non permite a súa constitución. Di que o BNG non busca confrontacións e considera moi pouco apropiado que se traian fotografías provocadoras como fixo o Partido Popular. Por último sinala que é evidente que, coa recuperación do Pazo de Meirás, non se vai producir ningún enriquecemento da familia Franco, os cales non verán nin un só céntimo xa que esa propiedade foi usurpada ó pobo.

VOTACIÓN:

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por UNANIMIDADE (17) dos membros presentes ACORDA: aprobar a moción coa retirada do punto 1º da parte resolutive.

PUNTO 8.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE A APROBACIÓN DUN PLAN DE DISPOSICIÓN DE FONDOS

A sra. Ortega Martínez le a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son moitas as razóns polas que este grupo de goberno é reparado suspensivamente pola intervención municipal.



Concello A Guarda

Mocións propostas polo Partido Popular de A Guarda, poderían solucionar algúns destes reparos, tal como é o caso mais evidente da Ordenanza da emerxencia social, non esquezamos que tódolos pagos á emerxencia social están reparados pola intervención.

REPARO 3/2016 TEXTUAL:

"Non me consta tampouco a existencia destas normas reguladoras das subvencións directas.

Po todo o exposto, se fiscaliza de desconformidade a concesión das subvencións de emerxencia social no exercicio 2016"

Nos propuxemos no seu día a solución, pero este goberno simplemente prefire seguir reparado, e por en perigo pagos tan sensibles como estes.

Pois nós non vamos por elo a deixar de propor solucións; nesta moción vamos a propor que se aprobé xa un PLAN DE DISPOSICIÓN DE FONDOS (PDF).

Exemplo reparo 4/2016

"Nesta data o Concello de A Guarda non ten aprobado o citado plan de disposición de fondos (PDF), polo que, á falla deste documento, é de aplicación directa o claro mandato legal en canto a prelación dos pagos das obrigas contraídas polas Entidades Locais"

Se poden ler en moitos reparos de intervención que, como non hai PDF aprobado hai que ir á lexislación do texto refundido de facendas locais, e polo tanto propon a intervención a suspensión do expediente de pago, que despois o Alcalde levanta reiteradamente.

A solución parece doada se se quere pagar en orde e conforme á lexislación vixente, e non é outra máis que a Guarda, como dispoñen outros concellos, teña o seu PLAN DE DISPOSICIÓN DE FONDOS.

O plan de disposición de fondos e un instrumento indispensable, necesario e por suposto recollido na normativa en vigor para establecer as regras e prelación do dos pagos, en base a criterios razoables pero suxeito a restrición legal (art. 187 do R.D. legislativo 2/2004, texto refundido das facendas Locais)

POR TODO ELO, O PARTIDO POPULAR DE A GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE E APROBACIÓN, SI PROCEDE, A SEGUINTE MOCIÓN:

Que se redacte e aprobe o PLAN DE DISPOSICIÓN DE FONDOS.

DEBATE:

A sra. Iglesias Ferreira apunta que non pode aprobar algo que aínda non está redatado.

O sr. Rodríguez Fariñas repite o sinalado na Comisión de Asuntos Plenarios, é dicir, que o grupo de goberno do Concello da Guarda, nos asuntos económicos está fora da Lei, e o que ten que facer é situarse dentro da lei e cumprir o establecido no R.D. legislativo 2/2004, texto refundido das facendas Locais. Di que non ten sentido traer a moción, só hai que pedirlle ó equipo de goberno que cumpra a lei.



Concello A Guarda

O Sr. Lomba Alonso tamén di que a moción non ten moito sentido xa que o goberno ten que cumprir a lei. Pregunta por qué non temos Plan de Disposición de Fondos.

A sra. Magallanes Álvarez di que o Plan de Disposición de Fondos é unha cuestión de “intensidade secundaria” nos concellos que dispoñen dunha boa liquidez, nos cales xa se veñen cumprindo as obrigas de prelación de pagos que establece a lexislación. O Plan de Disposición de Fondos é fundamental nos concellos que contan con dificultades de tesourería.

VOTACIÓN:

O Concello Pleno, en votación ordinaria ACORDA aprobar a moción co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR (16): sres/as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez González, Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez e Iglesias Ferreira.

ABSTENCIÓNS (1): Sr. Rodríguez Fariñas.

PUNTO 9.- MOCIÓN DE CC.OO. E UXT ASUMIDA POLO GMS E CG SOBRE O SISTEMA PÚBLICO DE PENSIÓNS.

O sr. Español Otero da conta da seguinte moción:

Ante o incesante acoso ao que se está sometendo o noso sistema de seguridade social e, polo tanto, a viabilidade do noso sistema de pensións, as organizacións sindicais Unión Xeral de Traballadores (UGT) e Comisións Obreiras (CCOO), dando continuidade ás mobilizacións en defensa das pensións públicas, inician unha campaña de apoio e defensa dun sistema que foi garante de cohesión e de protección social.

A forma sutil, pero constante, de reducir o noso sistema de pensións baséase en asegurar de forma pertinaz premisas que culpabilizan a propia cidadanía da escaseza de recursos. A pretensión é que terminemos crendo que os responsables dunha suposta creba do sistema de pensións son as persoas, por seren moi maiores ou por teren poucos fulos; incluso, por teren traballos escasos e pouco remunerados.

O movemento sindical mantén que este acoso ten unha orixe absolutamente mercantil e que é unha decisión política favorecer as entidades financeiras ou fondos privados de pensións no canto de apostar por garantir desde o sistema público a redistribución da riqueza e a cohesión social.

É ben sabido que a cotización á seguridade social non é un imposto que pagan os empresarios e empresarias e en menor medida os traballadores e traballadoras. A cotización á seguridade social é salario diferido que se deposita no Estado como



Concello A Guarda

garante das nosas achegas, para termos cuberías as situacións de enfermidade, viuvez, orfandade ou vellez.

O problema non está no sistema, senón no uso que se fixo da recadación, ao destíndala a outros fins que non estaban previstos. Polo tanto, o déficit non é consecuencia do número de pensionistas nin da falta de recadación; o déficit produciuse porque se gastou o fondo en fins para os que no estaba previsto e de forma nada transparente.

Compre restaurar como vontade política a devolución do Estado do que «tomou prestado» do fondo de reserva e así dótalo dos ingresos suficientes para facer fronte ás necesidades.

Por todo o anterior, o Pleno do Concello asume o seguinte

ACORDO

Sumarse á reivindicación das organizacións sindicais UGT e CCOO na defensa dun sistema público de pensións que, por riba dos intereses do capital, garanta o mantemento do contrato social polo que se favorece a cohesión social e a redistribución da riqueza.

DEBATE.

A sra. Iglesias Ferreira di que se suma a esta reinvidación e por eso vai apoiar a moción.

O sr. Rodríguez Fariñas di que sería importante engadirlle á moción que se lle comunique ás centrais sindicais o acordo plenario.

O sr. Lomba Alonso di que o BNG non só non asume a moción senón que queren presentar unha enmenda ó que lle responde o Sr. Español Otero que a moción non a van a modificar nin unha soa coma. Igualmente o sr. Lomba Alonso da lectura da enmenda que presentan que é a seguinte:

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno do estado a derogar as reformas das pensións aprobadas en 2011 e 2013, adiantando a idade de xubilación a como mínimo os 65 anos de idade; posibilitando a xubilación voluntaria con 35 anos de cotización; reducindo o seu período de cómputo a dez anos e garantindo que as súas contías garantan uns ingresos dignos, compensando con efecto inmediato a perda de poder adquisitivo e fixando a súa actualización con referencia no IPC; equiparando a pensión mínima ao Salario Mínimo Interprofesional; e poñendo fin ás diferentes formas de tarifas planas e bonificacións empresariais das cotizacións.

Instar ao Goberno galego a demandar o traspaso das plenas competencias en materia de xestión do réxime económico da Seguraza Social, previsto no actual Estatuto de Autonomía, de cara a sentar as bases para a posta en marcha dun sistema público galego de pensións.

Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do Estado e grupos do Parlamento galego.

Apoiar todos os procesos de mobilización sindical e social na defensa do sistema público e de pensións.



Concello A Guarda

A sra. Ortega Martínez di que o Partido Popular tamén presenta a seguinte enmenda:

“O Concello de a GUARDA manifesta a necesidade de impulsar, no ámbito da Comisión parlamentaria do Pacto de Toledo e o diálogo social, un novo acordo que conteña novas recomendacións e orientacións para seguir garantindo o futuro do sistema público de pensións e prestacións da Seguridade Social. Este acordo deberá reforzar os principios nos que se sustenta o noso sistema de Seguridade Social, como son a equidade, a contributividade e a solidariedade. E atenderá de forma prioritaria á sostibilidade económica do sistema e á adecuación das súas prestacións contributivas e non contributivas”.

DI que non entende que o Grupo Municipal Socialista asuma esta moción cando o PSOE foi asinante do Pacto de Toledo no que se conxelaron as pensións. En todo caso a realidade social e laboral do país é a que marca as decisións que se adoptan neste sentido. Lle pide ó equipo de goberno que recorde as decisións que adoptaron os gobernos socialistas contrarios ó contido desta moción.

O sr. Español Otero di que non vai facer un argumentario partidista como o que acaba de facer a portavoz do PP.

O sr. Rodríguez Fariñas di que esta proposta é de dúas centrais sindicais e non se lle poden engadir apartados. Por outra banda di que falar neste momento do Pacto de Toledo non ten sentido.

O sr. Lomba Alonso condidera que é necesaria a inclusión da enmenda do BNG pero respetan que non se faga. Ademais cre que o Estado debería deixar a dar cartos á banca e garantir as pensións.

A sra. Ortega Martínez di que o BNG fai demagogia co tema da banca porque o rescate da banca foi absolutamente necesario.

VOTACIÓN:

O Concello Pleno, en votación ordinaria ACORDA aprobar a moción co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR (9): sres/as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez González, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira

ABSTENCIÓNS (8): Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso e Martínez Vazquez.

PUNTO 10.- ROGOS E PREGUNTAS

10.1.- ROGOS E PREGUNTAS DA CONCELLEIRA NON ADSCRITA.

1.- Vaise actuar na rúa 2ª Transv. Coruto Vello? No seu caso, qué se vai facer?
O sr. Español Otero di que mañá empezarán a renovar o pavimento.



Concello A Guarda

2.- Qué tipo de problemática existe nunha vivenda ocupada no Baixo Muro?

O sr. Alcalde responde que parece ser que hai unha persoa ocupando unha vivenda de forma ilegal. Son coñecedores do tema a Policía Local e a Guardia Civil.

3.- Despois da noticia na prensa sobre a construción dunha nova gardería no antigo colexio Manuel Rodríguez Sinde, como quedarían as dúas garderías? Serían as dúas municipais?

Si. As dúas municipais adscritas a rede da Galiña Azul.

4.- Roga o arranxo e limpeza das beirarrúas das rúas Bechos e Julia Vaquero.

5.- Roga que se revisen algúns sinais de tráfico como por exemplo o de Stop da rúa Canónigo Domínguez Fontela ou o que está na zona de carga e descarga da praza de Abastos.

6.- Roga a retirada da cabina telefónica que hai na praciña da rúa Galicia.

7.- Di que estiveron moitos días sin recoller os contenedores de plástico da praza do Castro.

8.- Pregunta se as pezas que a Deputación entregou o Museo Masat xa están efectivamente nel.

Están no almacén de fondos do Masat que se atopa na Casa dos Alonsos.

9.- Solicita o arranxo dos bancos da Alameda.

10.- Di que siguen existindo ratas polas rúas, que os veciños se siguen queixando e pide que se actue ó respecto.

11.- Pide que se lle expliquen as intencións do equipo de goberno respecto da instalación dunha pista de xeo nas festas de nadal.

A sra. Magallanes Álvarez di que consideran que a pista de xeo sería un elemento dinamizador importante pero que, debido ó seu custe, necesitan contar co apoio do comercio.

10.2.- ROGOS E PREGUNTAS DE CONVERXENCIA GALEGA.

1.- Empezarei polas pendentes que non se contestaron. Segundo o asesor xurídico do Alcalde, nunha das sesións de urbanismo, as persoas que están facendo obras menores teñen a obriga de telo indicado na porta. Non vin ningunha. Permiten que a xente faga obras con e sin licencia. Insistirei ata que me contesten. Si é unha obriga, o Alcalde e o Concelleiro de urbanismo son responsables de que non se cumpla.

O sr. Alcalde responde que se está avisando que teñen que colocar o cartel. A partir de agora farase por escrito e estaremos máis vixiantes de que o poñan

2.- Sobre unha denuncia dunha vivenda fora de alineación en Camposancos, se nos dixo que hai un expediente aberto para declarar unha ruina ¿Se fixo algo?



Concello A Guarda

O sr. Alcalde di que non lle consta que a vivenda da que fala estea fora de aliñación.

3.- Miguel me dixo con respecto ó concerto do camping que ó Seprona se lle mandou documentación. Pero o Concello tamén debería ter un expediente aberto. Pido que se nos deixe ver.

O Concello non ten aberto expediente sobre este tema

4.- Estase incumprindo ó non dispor dun libro de urbanismo onde consten as licencias que se están dando. Levo dous anos pedíndoo.

O sr. Alcalde di que temos un libro de rexistro disposto para este fin.

5.- Pregunta sobre se xa seu orde de tramitar os expedientes de responsabilidade patrimonial.

Nunca houbo unha orde que dixera o contrario. Se non se fixeron foi por falta de medios no concello.

6.- O traspaso do centro de saúde á Xunta, ¿cómo está?

A sra. Magallanes Alvarez di que xa se avanzou.

7.- Do mes de abril para aquí, ¿cántos contratos se renovaron dende o Concello?

8.- O pago da débeda da Estación Marítima, ¿en qué situación está?

9.- Non lle parece válida a resposta dada por Montse e volve preguntar se o Concello vai a elaborar unha ordenanza sobre os pisos turísticos.

Se está traballando neste tema

10.- Que tal foi a reunión co persoal sobre o cumprimento do horario de 37,5 horas? Cre que non é acertado dar complementos a traballadores cando non se está cumprindo o horario.

A reunión foi ben.

11.- Pide que se siga un control sobre unha obra denunciada na que están levantando a súa altura e non se están simplemente cambiando as tellas.

12.- Di que nas últimas semanas houbo dous accidentes na subida do Ligerero e pide que se busque algunha solución.

13.- Pide que se movan un pouco os bolardos que hai diante do Brasileiro para que non aparquen os coches e así poida pasar a ambulancia que ven recoller a un usuario cada día.

O sr. Alcalde di que esa orde xa está dada.

14.- Diríxese á sra. Ortega Martinez para dicirlle que non se dirixa en términos despectivos á esquerda e recorda que fai 50 anos levouse a cabo o vil asesinato do Che Guevara a fai 100 anos tomouse o Palacio do Inverno (dous feitos que marcaron o devenir futuro da sociedade).



Concello A Guarda

10.3.- ROGOS E PREGUNTAS DO BNG.

Rogos e preguntas do Sr. Baz Vicente:

1.- Pide que se habilite un aula de estudos decente, adecuada ás necesidades dos que as usan. Están recibindo queixas polo estado no que se atopa a que hai. Enumera as deficiencias atopadas.

O sr. Alcalde di que é un problema que xa está resolto. Di que hai un espazo no Centro Cultural ó marxe da biblioteca habilitado para o estudio, pero non obstante, falou con director do IES A Sangriña e este ofreceu un aula de estudio no instituto para todo aquel que o desexe.

2.- Pregunta se a porta do salón de actos do Centro Cultural non tería que ser antipánico.

O sr. Alcalde recorda que había intención de cambiala pero isto sucedeu cando as administracións comezaron a esixir a titularidade dos edificios para obter subvencións. No Centro Cultural existe o problema de que non é de titularidade municipal. Haberá que resolvelo con medios propios.

3.- Di que na rúa San Caetano hai constantes roturas das tubarías de auga e hai que arranxar este problema, sobre todo porque existe un compromiso de facelo.

4.- Di que a auga do Monumento ó Mariñeiro vai ó mar e, dada a sequía actual, quizais fose convinte pechala ou no mellor dos casos facer un circuito pechado.

5.- Demanda actuar en nun tramo da rúa Brasil que está sen sinalizar.

6.- Hai malestar polas multas de aparcamento, non porque se estean facendo senón porque non hai alternativa de estacionamento na vila.

O sr. Alcalde contesta que hai moitos lugares para estacionar na vila como por exemplo a Sangriña, Finca de Fínola

O sr. Baz Vicente di que efectivamente existen eses lugares de estacionamento pero as rúas son moi incómodas para o peón por eso non se usan.

Rogos e preguntas do Sr. Lomba Alonso.

1.- Manifesta o seu malestar, en nome do BNG, polo acto de inauguración da rúa Vigo. Cre que non se lle deu un trato adecuado ó Alcalde da cidade que se pretendía honrar. Foi un acto improvisado.

2.- Roga a limpeza da rúa Vigo.

3.- Pide que se limpen ben as arquetas da rede de sumidoiros ante a posibilidade de que chova en abundancia e así evitar inundacións.

4.-Roga a eliminación dos símbolos franquistas que hai no municipio.

5.- Pide que se leve a cabo un plan de reposición de papeleiras.



Concello A Guarda

6.- Pregunta cal é o criterio para instalar os espellos nas rúas.

O sr. Rodríguez Gonzalez di que vai en función da demanda e do informe da Policía Local.

7.- Pregunta sobre o estado no que se atopa o tema da Gardería Municipal que xa preguntou no pleno anterior.

Xa se respondeu a esta pregutna no turno da concelleira non adscrita

8.- ¿Xa se teñen escollido os lugares para colocar os puntos de expresión social? ¿Cántos van ser? ¿En qué lugares? E ¿cándo se van instalar? Porque hai un acordo plenario que di que se teñen que poñer en marcha.

O Alcalde responde que non están escollidos. O equipo de goberno non está de acordo con colocar estes puntos de expresión social e se é competencia do equipo de goberno non se porán.

9.- Repite a pregunta feita no pleno anterior, en que situación se atopa o aparcamento subterráneo da urbanización do Castelo de Santa Cruz?

O sr. Alcalde responde que tanto a urbanización como o aparcamento se atopan nunha situación de alegalidade. Hai que resolver o problema pero para eso fai falta interlocutores. Probablemente habrá que tratar co banco malo e resolver todas as cuestións que quedan por resolver nesa urbanización pero a solución non é fácil.

O sr. Lomba Alonso insiste en que hai que facer o posible para actuar nesa contorna do Castelo de Santa Cruz.

10.- Como van as xestións para a cesión do Centro de Saúde á Xunta?

O sr. Alcalde di que se están poñendo os terreos en regra para que antes de remate a lexislatura ter todo listo para poñelo a disposición da Consellería de Sanidade.

11.- Solicita a actualización da web do Concello sobre todo no que atinxe ás actas de Xunta de Goberno e de pleno.

Se fará.

Rogos e preguntas da Sra. Martínez Vazquez:

1.- Hai algunha información sobre o novo parking do Álvaro Cunqueiro?

Non

2.-Ante todo o BNG está agradecido de que o aldalde se fixera cargo e nos escoitara no arranxo da rúa Salgueiró, pero parécenos insuficiente, está ben que se pense nos discapacitados, pero os outros veciños protestan por quedar o resto da rúa sen arranxar, na outra dirección desde onde vive a Sra que se despraza en cadeira de rodas quedou en pésimo estado. As cousas hai que facelas ben.

3.- Que tipo de licitación se vai levar a cabo para a contratación das obras da Subida a San Amaro? Cando se van a levar a cabo?

O sr. Español Otero di que vai ser un procedemento aberto e tramitación ordinaria. Están rematándose os pregos para licitala en breve.

4.- Os veciños da rúa Mariano Ordóñez seguen queixándose que non se recolleron



Concello A Guarda

os sacos de lixo das obras de hai máis dun ano e de que tampouco se limpou o silveiro que está a carón dos sacos, preguntan se van ter que esperar outro ano máis..

5.- Rogo a limpeza da escola da poza en Camposancos, hai árbores rozando o tellado e está todo cuberto de silvas e maleza.

6.- Rogo instar á xunta a que arranxe as beirarrúas desde o parque do Campo do Crego, en Camposancos ata á fin da mesma beirarrúa en dirección ao cemiterio.

7.- Hai peticións dos veciños de Salcidos, Camposancos, Castro e barrios da periferia para que se limpen as súas rúas; nos os veciños dos barrios , pagamos impostos igual que os do centro da vila ou da Gándara.

8.- Os veciños do Camiño do Sollás nº 3 , achegáronse a nós solicitando que se valorase a posibilidade de colocar un espello fronte a saída da súa casa, que non ten visibilidade ningunha para saír os vehículos, traslado a petición aquí, porque o Sr presidente da ELM de Camposancos, no último pleno celebrado alí, recomendoume que o tratase eu aquí como concelleira do BNG, que "el iría por alí se lle daba a gana"..

9.- Na intersección da subida da Praia do Muíño co cruce da residencia , hai un sinal caído, rogo o repoñan no seu sitio.

10.- Nas portas da entrada principal da urbanización da Armona , hai a miúdo restos de mobiliario doméstico e todo tipo de lixo que non pode botarse nos contenedores de residuos orgánicos ou de plástico, rogo se tomen medidas.

O Alcalde di que solicitamos a colaboración da cidadanía para evitar estes verquidos.

11.- Que hai do mantemento do parque dos Bechos? Ten un aspecto decadente e deplorable.

12.- No último pleno non se nos respondeu as xestións que se teñen realizado desde o concello con respecto ás prazas de residencias para maiores, volvo facer a mesma pregunta , xa que no anterior pleno non se nos aclarou nada.

10.4.- ROGOS E PREGUNTAS DO PARTIDO POPULAR.

O sr. Alonso Álvarez fai as seguintes preguntas e os seguintes rogos:

1.- Roga que se tomen medidas para evitar saltos no rexistro de entrada e saída de documentos do concello que se producen dende a entrada en vigor da administración electrónica, e dese xeito facilitar a labor dos concelleiros.

O sr. Alcalde di que se está a traballar para solucionar os problemas existentes. O principal obstáculo é que contra o dereito a información dos concelleiros choca o dereito a protección de datos da cidadanía.

2.- Solicita a retirada dos coches abandonados en Santo Domingo de Guzmán.

A Sra. Ortega Martínez fai as seguintes preguntas e os seguintes rogos:

1.-Queremos unha resposta de porque a Concelleira de Facenda de a Guarda, tomou a decisión contraria os intereses deste Concello no pasado pleno da Deputación,



Concello A Guarda

cando se presentou a votación que como ocorre en Lugo e en Ourense, se faian cargo da parte municipal da contribución os GES? Como se pode danar tanto os intereses de a Guarda sendo concelleira de facenda, sabendo que lastra o noso ornamento ese gasto?,

A sra. Magallanes Álvarez responde que porque entende que é unha competencia que ten que asumir a Xunta de Galicia.

2.- O concelleiro de Emerxencias está de acordo que siga sendo o Concello quen aporte ese 20% cando é supramunicipal, despois de que el e o principal responsable de que unha moción sobre o cobro as compañías de seguro non fora cumprida polo grupo de goberno, nin cobramos as aseguradoras, unexpa, nin queremos que a deputación nos axude aos concellos menores de 20.000 habitantes. Está ben que a deputación financie as instalacións municipais de Vigo, mentres?.

O sr. Español Otero di que o Concello asume estas obrigas impropias por responsabilidade e recorda que a Xunta de Galicia non lles axuda ó mantemento dos Ges porque non lle aproban o plan de desbroce realizado neste concello por falta de monte público. Lle di á portavoz do Partido Popular que lle pregunta a algún membro dos Ges como está funcionando a ordenanza onde está aprobada.

3.- No ultimo pleno se aprobou unha moción do partido popular para cambiar o baremo da Escola Infantil, e mediante transaccional o texto quedou en que a comisión de Baremación se reunía para modificar o baremo dando mostra este grupo de flexibilidade ¿unha tomadura de pelo máis do goberno local? Non se reuniu, teñen intención ao menos de reunila?

A sra. Magallanes Alvarez di que o que ela intentou transmitir era que o grupo de goberno estaba aberto a escoitar e valorar as propostas ó respecto.

Neste momento abandona a sesión o sr. Español Otero (23:55 horas).

4.- Na rúa Pacífico Rodríguez co arranxo, que por certo había pedido o partido popular nesa rúa e outras rúas como Brasilino Álvarez e Secundino Melón, pero hai queixas sobre o sobresaído dos pasos a peóns, varias persoas maiores, teñen tropezado por este saído, xa que non se aprecia moito polo cor da pedra ¿ten arraxo isto?

5.- Na Ireira, na parte de arriba (case esquina con Joaquín alonso), se tiraron uns bolardos que no se repuxeron, parece que os veciños pediron o alcalde con pouco éxito, que os repuxera, xa que aparcan diante dunha casa que non permite a saída dunha persoa impedida, e os que suban pola rúa teñen que saír de ese corredor de bolardos, o chegar a onde aparcan este coche? Por qué non se fixo nada?

O sr. Alcalde di que se vai colocar o bolardo para que non aparquen.

6.- Temos coñecemento que algún veciño se puxo en contacto polos problemas de tráfico e perigo no cruzamento entre Baixada a Praia, rúa Irmáns Noia, e rúa Calvario (os vehículos que saen desa rúa e da Ford), Xa que teñen incluso quedado atrancados vehículos, ¿teñen algunha solución estudada o problema? Creo que Español en concreto coñece o tema.

7.- Se vai a facer algo como reunirse cas forzas de seguridade para solucionar o



Concello A Guarda

problema de seguridade, entre outros na zona da Praza de San Marcos? Os veciños están asustados, do que pasa diante de todos os veciños.

8.- Como é o funcionamento das xardineiras da Rúa do Porto, porque a que está na zona do Porto Guardés está sempre aberta e nos preguntan a nos cál e o criterio para abrir e cerrar, se pode un veciño calquera cerrala, se van policías por alí, para iso e para o tema dos gorrillas?

9.- Volvo a pedir unha explicación da concelleira de Asuntos Sociais porque non está sobre a mesa a ordenanza de emerxencia social, teremos que seguir levantando reparos suspensivos, Hai concellos veciños que en dous meses a aprobaron, e xa presenteí polo rexistro o modelo para iluminar a Concelleira. ¿se vai a traer?

10.- Non se me contestou a unha pregunta sobre as actividades a realizar ca Asociación do Alzheimer, outros concellos están a facelas, e aquí se aprobou unha moción para colaborar, e non se está a facer nada., por favor contesten. Pasou o día e que eu seipa, non fun invitada a ningún acto oficial polo día do Alzheimer, Parece-me vergoñoso Alguéno, cando vemos avances de acordos en todos os concellos

11.- Aínda que xa preguntei, me gustaría saber porque non se licita a cafetería do Pasaxe, cando hai persoas interesadas, estamos a perder carto o concello unha vez mais. alguén será responsable de estes cartos perdidos.

12.- Despois de que a nosa voceira pedise reiteradamente no pleno de Camposantos, e eu mesma neste o arranxo da transversal Salgueiro, parece que foi moi parcial es os problemas para os veciños continúan, preguntan os veciños, un pouco enfadados por certo, que si se vai a deixar así? Y el segundo transversal Salgueiró ni se tocó

ROGOS

1.- Na altura da rua de camposantos 81, o haber coches aparcados a dereita e esquerda non se pode xirar na transvesal de Couto. Rogo solucionen o problema

2.- Cristais sen repoñer na marquesina Cruce da carretera do Pasaxe cara o Camping.

3.- Rogo indiquen os operarios que cando vacíen en contenedores de vidro, os coloquen adecuadamente, xa que en motios casos non os colocan e o vidro sale por abaixo,

4.- Marquesinas de A Gandara en mal estado.

5.- Rogamos se poña teléfono e horario de punto limpo en cada contenedor, como elemento disuasorio, ó presidente da Entidade Local pareceulle oportuno.

6.- Revisión de carteis de rúas na Guarda, faltan en moitas rúas

7.- Rogo se revisen as beirarrúas na Gándara, que hai moitas queixas polo seu mal estado.

8.- Colocar un espello na curva do Convento.

9.- Arranxen o parque de Laxe Grande, a varanda e os bambáns.

10.- Arranxen as beirarrúas da rúa O Rosls, na zona das vivendas do Muíño, só o



Concello A Guarda

fixeron parcialmente.

- 11.-Arranxar a Wifi Navegaguarda en toda a vila.
- 12.-Coloquen unha marquesiña na parada do bus escolar en Donantes de Sangre.
- 13.- Arranxen as arquetas e canalizacións da senda Azul, debaixo do colexio Solanas.
- 14.-Poñan en funcionamento tódalas luces das farolas da praza de Avelino Vicente.
- 15.- Limpar a pedra da fonte dos chanfreiros e lle den servicio de auga.
- 16.- Limpen a marquesiña de Fontequente.-
- 17.-Coloquen unha barandilla pasando a capela, onde a casa do Tante.
- 18.-Repoñan a placa na piscina.
- 19.-Colocar xuntas de caucho nas tapas das alcantarillas para evitar rúidos por golpes.
- 20.-Arranxen os espellos deteriorados en diversas rúas da vila.
- 21.-Arranxar as baldosas rotas das beirarrúas, como as de diante do Froiz.
- 22.-Revisen as farolas, moitas están fundidas ou teñen os cristais rotos ou caíndose.-

Non habendo máis asuntos que tratar o sr. presidente levanta a sesión ás 00:25 horas do día 11 de outubro de 2017, da que eu como secretario dou fe.